

Enredando Versos

martes, 17 de diciembre de 2013

A utilidade do inútil



Pepe Álvarez Cáccamo

Conferencia inaugural: "Poesía para xente miúda".

Di **Fran Alonso** que a poesía está nas cousas que nos rodean a diario, na música, na amizade, no supermercado, na risa..., na conversa e nas rúas.

O importante da poesía, continúa afirmando no seu **manifesto**, non é obsesionarse con descifrala senón saber gozala, sentila e intuíla. Na poesía reconforta sentir o seu ritmo, a súa música, a súa sonoridade, os xogos de palabras que por veces nos deslumbran, as imaxes fascinantes que nos ofrece. E tamén os seus enigmas. Poetizarse. En definitiva facer da poesía un pracer.

No universo do utilitarismo, escribe no prólogo do seu libro o pensador italiano, **Nuccio Ordine** (1), un martelo vale máis que unha sinfonía, un coitelo máis que unha poesía, unha chave inglesa máis que un cadro: ¿por que é doado facerse cargo da eficacia dun utensilio mentres que resulta cada vez máis difícil entender para que poden servir a música, a literatura ou a arte?

O filósofo e tamén profesor italiano afirma: *pensei que era o momento de reaccionar como o que son, un profesor, buscando os argumentos, encontrando páxinas dos clásicos que poidan facer vibrar as cordas do corazón dos meus novos estudantes.*



Elvira Riveiro Tobío



Carlos Negro





Fran Alonso



Antonio García Teijeiro

E chegados a este punto, as xornadas en Compostela, plantexan estas cuestións enriba da mesa. Como poetas e docentes preguntarse que é a poesía, reflexionar acerca do seu interese e utilidade para os lectores e lectoras e para a rapazada resulta un tema central. **Antonio García Teijeiro**, recolle o verso de Celaya, *Poesía necesaria*, para dar título a un libro de lectura e creación poética dentro da aula. *Se nós estamos convencidos, contaxiaremos este convencemento* ao noso alumnado, afirma o poeta.

E aquí, no plano da experiencia práctica están os obradoiros impartidos por **Antía Otero**, **Dores Tembrás** e **Carlos Negro**. Tamén o proxecto "Enredando versos" que pretende achegar como mediadores que somos os versos dos poetas nas aulas e trasladar a súa voz á rutina diaria.

Porque a poesía é unha fogueira, imos queimarnos nela. Celso Emilio Ferreiro




Mesa redonda "Enredando versos nas aulas": **Anxos Rial**, **Mercedes Queixas**, **Montse Penas** e **Romina Bal**

Para rematar as xornadas nada mellor que a música, aliada imprescindible da poesía. Tres mulleres entorno a Rosalía. Diferentes voces, diferentes estilos unidas pola palabra.





Najla Shami: "Na lingua que eu falo"



Uxía: "Rosalía pequeniña"

Temos necesidade do inútil como temos necesidade, para vivir, das funcións vitais esenciais. A poesía, recórdanos Ionesco, a necesidade de imaxinar, de crear é tan fundamental como o é respirar. Respirar é vivir e non evadir a vida." (Nucio Ordine, 2013).

(1) ORDINE, N. (2013). *La utilidad de lo inútil*. Barcelona: Acantilado.

Imaxes: Harold